



Nigrán Decide manifesta estar conforme cos [resultados do 24 M nos que obtivo 880 votos](#) e 2 edís na nova corporación. José Cuevas Raposo e Anxo Mosquera Nogueira son os integrantes desta agrupación na nova corporación que seguramente terá ao que xa fora tenente de alcalde, Juan González (PSOE), como alcalde. Investidura para a que José Cuevas adianta que por descontado apoiarán, aínda que deberá decidilo a asemblea da agrupación. Por outra banda, Cuevas non mantivo aínda ningún tipo contacto con González tras a celebración dos comicios, segundo puido saber este medio.

Pese a isto, as conversas informais dende ambas agrupacións sinálase que hai "boa sintonía" para acadar os acordos necesarios, aínda que ninguén adianta se se fará cunha alianza para integrar o futuro goberno de Nigrán. Todo apunta a que os primeiros contactos terán lugar de cara á próxima fin de semana ou nos primeiros días da seguinte.

### **Nigrán Decide atribúe o seu éxito electoral á inserción social dos partidos e persoas que integraron a coalición.**

Pasados os comicios do 24M as agrupacións inician os primeiros movementos cara á nova composición da corporación de Nigrán. Á vez reúnen para definir e o seu papel na designación do novo alcalde, que pese á maioría simple do PSOE con 3.411 votos e 7 edís, precisará dun acordo cara á investidura do seu candidato Juan González.

A todo isto, "*unha marca nova*" como así se define para sí Nigrán Decide, dá a coñecer a súa interpretación dos 880 votos obtidos e que lle permitiron acadar 2 concelleiros: "*NIGRÁN DECIDE non saíu da nada*"

" afirman. Nese senso atribúen o éxito ás "  
*organizacións políticas que sustentan a coalición, como ás persoas que se incorporaron á candidatura e á asemblea que lle dá cobertura*  
", explican desde a agrupación nun comunicado asinado polo futuro corporativo José Cuevas e o nacionalista, Xosé Manuel García Crego. "  
*Estamos satisfeitos porque a xente de Nigrán decidiu dar carpetazo a un sistema de goberno e a un alcalde personalista*  
" sinalan e referencia ao fracaso electoral do PP e o alcalde Alberto Valverde. Realidade que aseguran cambiarán coa participación desta nova corrente integrada por persoas que "  
*vimos de anos de traballo de base, integradas no movemento veciñal, na loita de defensa medioambiental, no activismo cultural... como na acción política directa. Coñecemos Nigrán e as súas parroquias, temos ideas e ímolos pór ao servizo da xente*  
".

### Un tempo de esperanza para Nigrán

" *Os resultados electorais do 24M traen para Nigrán un tempo de esperanza*", aseguran dende Nigrán Decide. Decláranse partidarios de "  
*abrir as portas*  
" do Concello á participación veciñal nomeadamente nos grandes desafíos en materia de planificación e organización municipal. Fincapé especial en que "  
*toda actividade se desenvolva dun xeito absolutamente transparente*  
".

Para iso confían na "*renovación total no que facer diario*" e que o novo goberno dea prioridade á solución dos "  
*máis inmediatos* *grandes problemas e*  
" das  
persoas. Con propostas de desenvolvemento para acadar unha "  
*mellora das condicións de vida nas parroquias e para todo o pobo*  
".